



CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

Expediente nº: 1028/2019

DECRETO.-

Visto o Decreto desta Alcaldía de data no que se resolve iniciar o procedemento que rexerá a selección de persoal laboral temporal para prover a contratación DUN (1) GRAO EN ENXEÑERÍA AGRÍCOLA/FORESTAL (NIVEL 2 NO MECES) no marco do DEPUEMPREGO 2019 e ordear a realización de cantos trámites sexan necesarios para a tramitación deste expediente.

A vista disto e elaboradas as bases que rexerán o proceso selectivo, esta Alcaldía en uso do artigo 21.1.g) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases que rexerán o procedemento de selección de persoal laboral temporal, e a convocatoria para o acceso á contratación DUN (1) GRAO EN ENXEÑERÍA AGRÍCOLA/FORESTAL (NIVEL 2 NO MECES) no marco do PROGRAMA DEPUEMPREGO 2019 incluído no PLAN UNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS ANO 2019 mediante contrato por obra ou servizo determinado, ata o 30 de setembro de 2020 a xornada completa e que son as seguintes:

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN) GRAO EN ENXEÑERÍA AGRÍCOLA/FORESTAL (NIVEL 2 NO MECES) QUE SE CONTRATE NO CONCELLO DE BECERREÁ AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019/PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO: DEPUEMPREGO 2019”.

PRIMEIRA.-OBJECTO

1.1. Obxecto: Constitúe o obxecto das presentes bases e da correspondente convocatoria, a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de oposición de:) GRAO EN ENXEÑERÍA AGRÍCOLA/FORESTAL (NIVEL 2 NO MECES) para seren contratados como persoal laboral temporal ao abeiro do “**PROGRAMA DEPUEMPREGO 2019**” incluído no PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019 e que se configura como un plan destinado a favorecer a formación e as prácticas profesionais das persoas desempregadas que se contraten.

O Concello de Becerreá comparte coa Deputación Provincial de Lugo o interese no desenvolvemento de políticas activas de emprego que fomenten a súa creación. En concreto mediante o “**PROGRAMA DEPUEMPREGO 2019**” o Concello de Becerreá pretende contratar a un traballador como medida para paliar a actual concuntura de falla de emprego en concordancia coa Estratexia Europea 2020 que ten como prioridade una economía que empregue máis eficazmente os recursos, que sexa máis verde e máis competitiva.

Neste contexto, no Concello de Becerreá atopamos os dous condicionantes principais para a aplicación destas políticas activas de emprego:

1-. Os recursos que deben ser eficiente e eficazmente empregados, dos que dispón o Concello de Becerreá e que constitúen a nosa principal riqueza, son os vinculados aos recursos naturais, de ahí que se pretenda articular as políticas de fomento do emprego coas de posta en valor do noso territorio, principal e practicamente única fonte de riqueza nun concello sen actividade empresarial salientable e menos aínda industrial.

Se pretende contratar a persoal para a realización de tarefas de carácter medioambiental en concreto e no que fai ás competencias municipais, a xestión e o aproveitamento dos recursos naturais, vincúlase coa conseración e mantemento de camiños municipais, rutas de senderismo e diversos espazos naturais rematándose

MANUEL MARTINEZ NUÑEZ (1 para 1)
 ALCALDE
 Data de Sinatura: 30/09/2019
 HASH: uecb1cab73e71b3d1d18550c4buc91646e4



DECRETO
 Número: 2019-0497
 Data: 30/09/2019



Cod. Verificación: 9PCHGRLVFEY563X4AE368YWI | Conexión: <http://concellobecerreá.sedelectronica.gal>
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona espública | Páxina 1 a 10

Código Seguro de Verificación	IV6QHWSNZTRD7ROLQ45CIQDEBY	Fecha	01/10/2019 11:41:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO		
Presentado por	MANUEL MARTINEZ NUÑEZ - 33820089S		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6QHWSNZTRD7ROLQ45CIQDEBY	Página	1/10



Diputación de Lugo
ENTRADA
01/10/2019 11:41
2019RT004337

os contratos o 30 de setembro de 2020, data na que se estiman rematados os traballos e o propio plan de emprego.

Trátase este dun servizo prioritario se queremos converter ao Concello de Becerreá nun ámbito territorial onde sexa posible vivir con niveis óptimos de calidade de vida e onde sexa posible desenvolver actividades vinculadas co aproveitamento e conservación do noso medio natural.

Todo elo sen esquecer que tamén son servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, aos efectos de proceder á contratación de persoal laboral temporal, os vinculados ao fomento do emprego e desenvolvemento local, obxecto último da subvención a conceder pola Deputación Provincial de Lugo no marco do Programa DEPUEMPREGO que ten por obxecto a **mellora da empregabilidade mediante a adquisición de experiencia profesional de persoas desempregadas.**

2.- O segundo condicionante para a aplicación desta política activa de emprego ven constituída por a situación de desemprego que afecta a unha importante porcentaxe dos veciños de Becerreá. O derradeiro dato publicado do paro rexistrado en Becerreá (setembro de 2018) arroxa a cifra de 114 parados dos que 80 pertencen ao sector servizos.

O obxectivo é revertir esta situación ofrecendo unha contratación destinada principalmente á obtención de formación e de prácticas profesionais, para as persoas desempregadas que se contraten coa finalidade de que poidan no futuro desenvolver as súas tarefas en empresas de servizos forestais da zona adicadas á realización de tratamentos de silvicultura, extinción de incendios, mantemento de infraestruturas contra incendios, tala de árboles, etc...

Por este motivo cómpre acodir ao Servizo Galego de Colocación pertencente á Consellería de Economía, Emprego e Industria denominación baixo a que a Xunta realiza as súas funcións de intermediación entre a oferta e a demanda de emprego con eficacia, transparencia e rapidez. Con esta finalidade de facilitar a mellora da empregabilidade da poboación desempregada do Concello de Becerreá se solicitarán traballadores/as desempregados/as inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e dispoñibles para o emprego, mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, seguindo o mesmo procedemento que aplica a Xunta de Galicia nos seus propios programas de fomento do emprego (ORDE do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2019. DOGA de 3 de xaneiro). Tamén na cláusula oitava das bases aprobadas pola Deputación permiten deducir o carácter territorial dos proxectos que se acometan en virtude do Plan Único Provincial de Cooperación cos Concellos.

Os contratos rematarán o día 30 de setembro de 2020 data na que se estiman rematados os traballos e o propio plan de emprego.

Co fin de non interromper o programa de emprego de duración temporal, aqueles candidatos que superen o proceso selectivo pero que non acaden a puntuación máxima para seren propostos para a contratación, pasarán a formar parte dunha lista para posibles baixas ou substitucións.

No suposto de que o candidato seleccionado non desexe suscribir o contrato laboral temporal ou unha vez suscrito, se suspenda ou extinga a relación laboral por calquera causa, o concello notificará ao seguinte candidato seleccionado segundo a orde de puntuación para formalizar un novo contrato.

1.2. Normas de aplicación: As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en

DECRETO
 Número: 2019-0497 Data: 30/09/2019



Código Seguro de Verificación	IV6QHWSNZTRD7ROLQ45CIQDEBY	Fecha	01/10/2019 11:41:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO		
Presentado por	MANUEL MARTINEZ NUÑEZ - 33820089S		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6QHWSNZTRD7ROLQ45CIQDEBY	Página	2/10





CONCELLO DE BECERREÁ
R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

Diputación de Lugo
ENTRADA
01/10/2019 11:41
2019RT004337

materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

1.3. O sistema de selección dos aspirantes será o de **oposición**.

1.4. A presente convocatoria e as bases publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Becerreá, no taboleiro de anuncios da súa sede electrónica (<http://concellodebecerreá.sedelectronica.gal>), e na páxina web do Concello ao igual que o resto das publicacións a que faga referencia a lexislación vixente.

SEGUNDA.-FUNCÍONS

2.1 TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO

Os contratos laborais que se formalizará coa/as persoa/as seleccionada/as será de duración determinada na modalidade de obra ou servizo determinado previsto no artigo 15.1 a) do Real Decreto Legislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, para a adquisición de práctica profesional mediante a realización de tarefas de conservación e mantemento de camiños municipais, rutas de senderismo e de diversos espazos naturais e a creación de emprego temporal ao abeiro do Plan de Emprego denominado DEPUEMPREGO 2019 **rematándose os contratos o 30 de setembro de 2020**, data na que se estiman rematados os traballos e o propio plan de emprego, a xornada completa.

2.2. FUNCÍONS.

Traballos urxentes e inaprazables no marco do fomento do emprego tales como: Planificación e elaboración de informes e da documentación técnica necesaria para que se efectúen labores de acondicionamento, mantemento e limpeza mediante roza de camiños e vías municipais, limpeza e conservación do entorno de espazos públicos, áreas recreativas, rutas turísticas, rutas de senderismo, de diversos espazos naturais.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación

DECRETO
 Número: 2019-0497 Data: 30/09/2019



Cod. Verificación: 9PCHGPIUYFEX563DX4E368YWI | Conexión: <http://concellodebecerreá.sedelectronica.gal>
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona espública | Páxina 3 a 10

Código Seguro de Verificación	IV6QHWSNZTRD7ROLQ45CIQDEBY	Fecha	01/10/2019 11:41:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO		
Presentado por	MANUEL MARTINEZ NUÑEZ - 33820089S		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6QHWSNZTRD7ROLQ45CIQDEBY	Página	3/10



Diputación de Lugo
ENTRADA
01/10/2019 11:41
2019RT004337

de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu concónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) **Figurar inscritos como demandantes de emprego ou en situación de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada, no Servizo Galego de Colocación da oficina de Emprego de Becerreá** e resultar preseleccionados logo da presentación da oferta que efectúe o Concello nos modelos normalizados ao efecto. Unha vez recibida a oferta, a oficina de emprego realizará unha sondaxe de demandantes en función das características desta e atendendo á maior adecuación oportuna de traballo ofertado

Requisitos específicos:

a) Estar en posesión da titulación de enxeñeiro técnico agrícola/forestal ou Grao en Enxeñería Agrícola e Agroalimentaria ou en Enxeñería Forestal e do Medio Natural ou estar en condicións de obtenerlo en la fecha de publicación de la convocatoria.

b) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B1.

c) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de CELGA 4 (ou curso de perfeccionamento nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007 modificada por la orden de 10 de febrero de 2014). Non obstante, no caso de non poder acreditar este título, poderase acreditar mediante a realización dunha proba específica (exame consistente en traducir un texto sendicionario, elixido libremente polo tribunal, do castelán a galego. Esta proba terá unha duración de 20 minutos. Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto).

CUARTA. SOLICITUDES

Unha vez sexan **preseleccionados pola Oficina de Emprego de Becerreá** e estean interesados, a solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ao modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e dirixirase ao Sr. Alcalde do Concello de Becerreá, no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende o seguinte a aquel no que sexan citados polo Servizo Galego de Colocación para personarse no concello de Becerreá. Estes traballadores desempregados figurarán na comunicación ao Concello dos candidatos preseleccionados pola Oficina de Emprego de Becerreá.

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente.

DECRETO
 Número: 2019-0497
 Data: 30/09/2019



Cod. Validación: 9PCHGPILYFEX563QX4AE368YWI | Conexión: http://concellobecerreas.sedelectronica.gal
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona espPublico | Páxina 4 a 10

Código Seguro de Verificación	IV6QHWSNZTRD7ROLQ45CIQDEBY	Fecha	01/10/2019 11:41:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO		
Presentado por	MANUEL MARTINEZ NUÑEZ - 33820089S		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6QHWSNZTRD7ROLQ45CIQDEBY	Página	4/10





CONCELLO DE BECERREÁ
 R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
 Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

Diputación de Lugo
ENTRADA
01/10/2019 11:41
2019RT004337

- b) Carnet de conducir.
- c) Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.
- d) Declaración responsable, asinado/a pola ou pola aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado/a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada polo ou polo aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- e) Copia compulsada do título exixido e CELGA 4.

As solicitudes poderanse, así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

QUINTA.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 3 días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello, no taboleiro de anuncios da súa sede electrónica (<http://concellodebecerreá.sedelectronica.gal>) e na páxina web do Concello, sinalándose un prazo de tres (3) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indicarse o nome e apelido, e DNI dos aspirantes, nos termos previstos na lexislación vixente. Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos personais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados únicamente

Número: 2019-0497
 Data: 30/09/2019
DECRETO



Cod. Validación: 9PCHGPILYFEX563DX4AE368YWI | Conexión: <http://concellodebecerreá.sedelectronica.gal>
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona espública | Páxina 5 a 10

Código Seguro de Verificación	IV6QHWSNZTRD7ROLQ45CIQDEBY	Fecha	01/10/2019 11:41:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO		
Presentado por	MANUEL MARTINEZ NUÑEZ - 33820089S		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6QHWSNZTRD7ROLQ45CIQDEBY	Página	5/10



Diputación de Lugo
ENTRADA
01/10/2019 11:41
2019RT004337

para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

SEXTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: Empregado público con titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Secretario/a: Empregado público con titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Vogais (3): Empregado público con titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Na designación dos membros do tribunal se garantirá, sempre que sexa posible, a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entrambolosdous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa signatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, dirimindo o presidente co seu voto de calidade, tódalas dúbidas que se produzan na aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

SÉTIMA. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

Realización dun exercicio que consistirá en contestar por escrito as preguntas baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I, que determine previamente o Tribunal, durante un período de 60 minutos.

Esta proba terá carácter eliminatorio, e puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario acadar unha puntuación de 5 para superala.

OITAVA. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

Os exercicios realizarase no prazo máximo de 20 días hábiles desde a constitución

DECRETO
 Número: 2019-0497 Data: 30/09/2019



Cod. Verificación: 9PCHGPIIYFEX563DX4AE368YWI | Conexión: <http://sede.diputacion.lugo.es/sedelectronica.gal>
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona espública | Páxina 6 a 10

Código Seguro de Verificación	IV6QHWSNZTRD7ROLQ45CIQDEBY	Fecha	01/10/2019 11:41:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO		
Presentado por	MANUEL MARTINEZ NUÑEZ - 33820089S		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6QHWSNZTRD7ROLQ45CIQDEBY	Página	6/10





CONCELLO DE BECERREÁ
R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

Diputación de Lugo
ENTRADA
01/10/2019 11:41
2019RT004337

do tribunal que xulgue as probas, anunciándose con tres días naturais de antelación, como mínimo, o comezo dos exercicios, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Becerreá o día, hora e lugar onde se celebrará a proba.

Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios da súa sede electrónica (<http://concellodebecerreá.sedelectronica.gal>), e na páxina web do Concello.

Os aspirantes deberán presentarse para á realización do exercicio provistos de DNI ou documento oficial e fidedigno (pasaporte, carnet de conducir...), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os/as aspirantes serán convocados en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As xustificacións ou probas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

Para establecer a orde en que haberán de actuar os aspirantes naqueles exercicios nos que non poidan facelo conxuntamente, se estará o resultado do sorteo publicado pola Resolución correspondente, que se realizou aoabeiro do establecido no Art. 9 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de personal de administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

NOVENA. RELACIÓN DE APROBADOS.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios a puntuación total do proceso selectivo. En caso de empate de puntuacións se resolverá por sorteo público.

Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente proposta dos candidatos para a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia antes da formalización do contrato, o órgano convocante poderá requirir ao órgano de selección relación complementaria dos/as aspirantes que sigan aos propostos, para a súa posible contratación.

A devandita relación complementaria poderá tamén servir para constituír unha lista de reserva para cubrir as baixas que se produzan durante o periodo de duración do plan de emprego.

DÉCIMA. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

Os/as candidatos propostos para seren contratados deberán achegar no prazo de tres (3) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancia de participación:

- 1) Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a ou o aspirantes reúne a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- 2) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados

DECRETO
 Número: 2019-0497
 Data: 30/09/2019

 Cód. Verificación: 9PCHGPILYFEX563DXHAE368YWI | Conexión: <http://concellodebecerreá.sedelectronica.gal>
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona espública | Páxina 7 a 10

Código Seguro de Verificación	IV6QHWSNZTRD7ROLQ45CIQDEBY	Fecha	01/10/2019 11:41:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO		
Presentado por	MANUEL MARTINEZ NUÑEZ - 33820089S		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6QHWSNZTRD7ROLQ45CIQDEBY	Página	7/10



Diputación de Lugo
ENTRADA
01/10/2019 11:41
2019RT004337

sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

UNDÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABAJO.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde resolverá o proceso e se formalizarán os contratos de traballo de duración determinada e a xornada completa.

DUODÉCIMA. IMPUGNACIÓN.

Contra as presentes bases, sendo que o seuacordo aprobatorio é definitivo en via administrativa, poderaseinterpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazodun mes a contar dende o diaseguiteó da publicación das bases. Se transcurra un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este foraresolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinteó da publicación das bases.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas o e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En Becerreá

O alcalde

Don Manuel Martinez Núñez

ANEXO I.-TEMARIO

Tema 1

Concello de Becerreá. Encuadre territorial e poboación.

Tema 2

[Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes](#), [Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia](#), Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, [Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia](#). Lexislación de desenvolvemento.

ANEXO II.

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DUN (1) POSTO DE TRABAJO DE GRAO EN ENXEÑERÍA AGRÍCOLA/FORESTAL (NIVEL 2 NO MECES) NO CONCELLO DE BECERREÁ, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN A ABEIRO DO PROGRAMA DEPUEMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO 2019.

D/a.....provi
sto/a de D.N.I. nº..... con enderezo na
R/.....nº.....piso.....
.....

C.Postal.....Localidade.....
.....

DECRETO
 Número: 2019-0497
 Data: 30/09/2019



Código Seguro de Verificación	IV6QHWSNZTRD7ROLQ45CIQDEBY	Fecha	01/10/2019 11:41:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO		
Presentado por	MANUEL MARTINEZ NUÑEZ - 33820089S		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verfirma-lugo/code/IV6QHWSNZTRD7ROLQ45CIQDEBY	Página	8/10





CONCELLO DE BECERREÁ
 R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
 Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

Diputación de Lugo
ENTRADA
01/10/2019 11:41
2019RT004337

Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Becerreá para a contratación laboral temporal (contrato de obra ouservizo determinado), a xornada completa, GRAO EN ENXEÑERÍA AGRÍCOLA/FORESTAL (NIVEL 2 NO MECES) AO ABEIRO DO PROGRAMA DEPUEMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO 2019.

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reuno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ao posto ao que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello do Becerreá para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- o DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- o Permiso de condución en vigor tipo B1.
- o TITULACIÓN EXISIDA NAS BASES
- o CELGA 4

....., de.....de 20...

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BECERREÁ

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE BECERREÁ para o exercicio das función e competencias atribuídas ó CONCELLO DE BECERREÁ na lexislación vixente. Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección Praza do Concello s/n 27640 BECERREÁ-LUGO.

En Becerreá

SEGUNDO.- Enviar copia das bases e da convocatoria á Excma Deputación Provincial de Lugo 10 días antes do inicio do proceso de selección, así como outra documentación relacionada comesmo. Unha vez pasado dito prazo

DECRETO
 Número: 2019-0497
 Data: 30/09/2019



Cod. Verificación: 9PCHGPILYEEX563DXH4E368YWI
 Conexión: https://concellodebecerrea.sedelectronica.gal/
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona espública | Páxina 9 a 10

Código Seguro de Verificación	IV6QHWSNZTRD7ROLQ45CIQDEBY	Fecha	01/10/2019 11:41:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO		
Presentado por	MANUEL MARTINEZ NUÑEZ - 33820089S		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6QHWSNZTRD7ROLQ45CIQDEBY	Página	9/10



Diputación de Lugo
ENTRADA
01/10/2019 11:41
2019RT004337

continuarase co procedemento coa publicación das bases taboleiro de anuncios da súa sede electrónica (<http://concellodebecerrea.sedelectronica.gal>), e na páxina web do Concello.

Ordenao e asínoa electrónicamente o Sr. Alcalde.

DECRETO
 Número: 2019-0497 Data: 30/09/2019



Cod. Validación: 9PCHGPIUYEEY563X4AE368YWI | Conexión: <http://concellodebecerrea.sedelectronica.gal>
 Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestora espública | Páxina 10 de 10

Código Seguro de Verificación	IV6QHWSNZTRD7ROLQ45CIQDEBY	Fecha	01/10/2019 11:41:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO		
Presentado por	MANUEL MARTINEZ NUÑEZ - 33820089S		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6QHWSNZTRD7ROLQ45CIQDEBY	Página	10/10





CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

Expediente nº: 1028/2019

DECRETO.-

Por Decreto desta Alcaldía de data 30 de setembro de 2019, se resolve iniciar o procedemento que rexerá a selección de persoal laboral temporal para prover a contratación DUN (1) GRAO EN ENXEÑERÍA AGRÍCOLA/FORESTAL (NIVEL 2 NO MECES) e DUN (1) TRACTORISTA no marco do PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019: **PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2019** e por sendos decretos da mesma data, se ordea se procede á convocatoria e aprobación das bases de selección.

Advertido un erro de transcripción nas resolucións nº 0497/2019 e 0498/2019 de datas 30 de setembro relativas á aprobación das bases e convocatoria para para á contratación DUN (1) GRAO EN ENXEÑERÍA AGRÍCOLA/FORESTAL (NIVEL 2 NO MECES) e DUN (1) TRACTORISTA e visto o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, conforme ao que as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

A vista disto e no uso do artigo 21.1.g) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Correxir os erros de transcripción advertidos nas resolucións nº 0497/2019 e 0498/2019 de datas 30 de setembro relativas á aprobación das bases e convocatoria para para á contratación DUN (1) GRAO EN ENXEÑERÍA AGRÍCOLA/FORESTAL (NIVEL 2 NO MECES) e DUN (1) TRACTORISTA, de xeito que onde dí programa depuemprego 2019 debe dicir PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2019.

SEGUNDO.- A resolución da Alcaldía nº 0497/2019 de 30 de setembro queda redactada como segue:

“DECRETO.-

Visto o Decreto desta Alcaldía de data no que se resolve iniciar o procedemento que rexerá a selección de persoal laboral temporal para prover a contratación DUN (1) GRAO EN ENXEÑERÍA AGRÍCOLA/FORESTAL (NIVEL 2 NO MECES) no marco do **PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2019** e ordear a realización de cantos trámites sexan necesarios para a tramitación deste expediente.

A vista disto e elaboradas as bases que rexerán o proceso selectivo, esta Alcaldía en uso do artigo 21.1.g) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases que rexerán o procedemento de selección de persoal laboral temporal, e a convocatoria para o acceso á contratación DUN (1) GRAO EN ENXEÑERÍA AGRÍCOLA/FORESTAL (NIVEL 2 NO MECES) no marco do **PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2019** incluído no PLAN UNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS ANO 2019 mediante contrato por obra ou servizo determinado, ata o 30 de setembro de 2020 a xornada completa e que son as seguintes:

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN GRAO EN ENXEÑERÍA AGRÍCOLA/FORESTAL (NIVEL 2 NO MECES) QUE SE CONTRATE NO CONCELLO DE BECERREÁ AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019/PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO: 2019”.

PRIMEIRA.-OBJECTO

MANUEL MARTINEZ NUÑEZ (1 para 1)

ALCALDE

Data de Sinatura: 02/10/2019

HASH: decb1cab73e7b36fd8850c4bc91646e4



DECRETO

Número: 2019-0500 Data: 02/10/2019



Cod. Validación: YP4HWKYSGWS78PZVWGG477STTX | Corrección: <http://concellodebecerreá.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 19

1.1. Obxecto: Constitúe o obxecto das presentes bases e da correspondente convocatoria, a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de oposición de:) GRAO EN ENXEÑERÍA AGRÍCOLA/FORESTAL (NIVEL 2 NO MECES) para seren contratados como persoal laboral temporal ao abeiro do **“PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2019”** incluído no PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019 e que se configura como un plan destinado a favorecer a formación e as prácticas profesionais das persoas desempregadas que se contraten.

O Concello de Becerreá comparte coa Deputación Provincial de Lugo o interese no desenvolvemento de políticas activas de emprego que fomenten a súa creación. En concreto mediante o **“PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2019”** o Concello de Becerreá pretende contratar a un traballador como medida para paliar a actual conxuntura de falla de emprego en concordancia coa Estratexia Europea 2020 que ten como prioridade una economía que empregue máis eficazmente os recursos, que sexa máis verde e máis competitiva.

Neste contexto, no Concello de Becerreá atopamos os dous condicionantes principais para a aplicación destas políticas activas de emprego:

1-. Os recursos que deben ser eficiente e eficazmente empregados, dos que dispón o Concello de Becerreá e que constitúen a nosa principal riqueza, son os vinculados aos recursos naturais, de ahí que se pretenda articular as políticas de fomento do emprego coas de posta en valor do noso territorio, principal e practicamente única fonte de riqueza nun concello sen actividade empresarial salientable e menos aínda industrial.

Se pretende contratar a persoal para a realización de tarefas de carácter medioambiental en concreto e no que fai ás competencias municipais, a xestión e o aproveitamento dos recursos naturais, vincúlase coa conserción e mantemento de camiños municipais, rutas de senderismo e diversos espazos naturais rematándose os contratos o 30 de setembro de 2020, data na que se estiman rematados os traballos e o propio plan de emprego.

Trátase este dun servizo prioritario se queremos converter ao Concello de Becerreá nun ámbito territorial onde sexa posible vivir con niveis óptimos de calidade de vida e onde sexa posible desenvolver actividades vinculadas co aproveitamento e conservación do noso medio natural.

Todo elo sen esquecer que tamén son servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, aos efectos de proceder á contratación de persoal laboral temporal, os vinculados ao fomento do emprego e desenvolvemento local, obxecto último da subvención a conceder pola Deputación Provincial de Lugo no marco do Programa **PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2019** que ten por obxecto a **mellora da empregabilidade mediante a adquisición de experiencia profesional de persoas desempregadas.**

2.- O segundo condicionante para a aplicación desta política activa de emprego ven constituída por a situación de desemprego que afecta a unha importante porcentaxe dos veciños de Becerreá. O derradeiro dato publicado do paro rexistrado en Becerreá (setembro de 2018) arroxa a cifra de 114 parados dos que 80 pertencen ao sector servizos.

O obxectivo é revertir esta situación ofrecendo unha contratación destinada principalmente á obtención de formación e de prácticas profesionais, para as persoas desempregadas que se contraten coa finalidade de que poidan no futuro desenvolver as súas tarefas en empresas de servizos forestais da zona adicadas á realización de tratamentos de silvicultura, extinción de incendios, mantemento de infraestruturas contra incendios, tala de árboles, etc...

Por este motivo cómpre acudir ao Servizo Galego de Colocación pertencente á Consellería de Economía, Emprego e Industria denominación baixo a que a Xunta realiza as súas funcións de intermediación entre a oferta e a demanda de emprego con eficacia, transparencia e rapidez. Con esta finalidade de facilitar a mellora da

DECRETO

Número: 2019-0500 Data: 02/10/2019



Cod. Validación: YP4HWKYS6WS76PZMGG477STTX | Corrección: <http://concellodebecerrea.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 19



CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

empregabilidade da poboación desempregada do Concello de Becerreá se solicitarán traballadores/as desempregados/as inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e dispoñibles para o emprego, mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, seguindo o mesmo procedemento que aplica a Xunta de Galicia nos seus propios programas de fomento do emprego (ORDE do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2019. DOGA de 3 de xaneiro). Tamén na cláusula oitava das bases aprobadas pola Deputación permiten deducir o carácter territorial dos proxectos que se acometan en virtude do Plan Único Provincial de Cooperación cos Concellos.

Os contratos rematarán o día 30 de setembro de 2020 data na que se estiman rematados os traballos e o propio plan de emprego.

Co fin de non interromper o programa de emprego de duración temporal, aqueles candidatos que superen o proceso selectivo pero que non acaden a puntuación máxima para seren propostos para a contratación, pasarán a formar parte dunha lista para posibles baixas ou substitucións.

No suposto de que o candidato seleccionado non desexe suscribir o contrato laboral temporal ou unha vez suscrito, se suspenda ou extinga a relación laboral por calquera causa, o concello notificará ao seguinte candidato seleccionado segundo a orde de puntuación para formalizar un novo contrato.

1.2. Normas de aplicación: As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

1.3. O sistema de selección dos aspirantes será o de **oposición**.

1.4. A presente convocatoria e as bases publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Becerreá, no taboleiro de anuncios da súa sede electrónica (<http://concellodebecerreá.sedelectronica.gal>), e na páxina web do Concello ao igual que o resto das publicacións a que faga referencia a lexislación vixente.

SEGUNDA.-FUNCIONES

2.1 TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO

Os contratos laborais que se formalizará coa/as persoa/as seleccionada/as será de duración determinada na modalidade de obra ou servizo determinado previsto no artigo 15.1 a) do Real Decreto Legislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, para a adquisición de práctica profesional mediante a realización de tarefas de conservación e mantemento de camiños municipais, rutas de senderismo

DECRETO

Número: 2019-0500 Data: 02/10/2019



Cod. Validación: YP4HWKYSGWS76PZVWGG477STTX | Corrección: <http://concellodebecerreá.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 19

e de diversos espazos naturais e a creación de emprego temporal ao abeiro do Plan de Emprego denominado **PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2019 rematándose os contratos o 30 de setembro de 2020**, data na que se estiman rematados os traballos e o propio plan de emprego, a xornada completa.

2.2. FUNCÍONS.

Traballos urxentes e inaprazables no marco do fomento do emprego tales como: Planificación e elaboración de informes e da documentación técnica necesaria para que se efectúen labores de acondicionamento, mantemento e limpeza mediante roza de camiños e vías municipais, limpeza e conservación do entorno de espazos públicos, áreas recreativas, rutas turísticas, rutas de senderismo, de diversos espazos naturais.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) **Figurar inscritos como demandantes de emprego ou en situación de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada, no Servizo Galego de Colocación da oficina de Emprego de Becerreá** e resultar preseleccionados logo da presentación da oferta que efectúe o Concello nos modelos normalizados ao efecto. Unha vez recibida a oferta, a oficina de emprego realizará unha sondaxe de demandantes en función das características desta e atendendo á maior adecuación apostado de traballo ofertado

DECRETO

Número: 2019-0500 Data: 02/10/2019



Cod. Validación: YP4HWKYSGWS76PZVWGG477STTX | Corrección: <http://concellodebecerreia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 19



CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

Requisitos específicos:

- a) Estar en posesión da titulación de enxeñeiro técnico agrícola/forestal ou Grao en Enxeñería Agrícola e Agroalimentaria ou en Enxeñería Forestal e do Medio Natural ou estar en condicións de obtenerlo en la fecha de publicación de la convocatoria.
- b) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B1.
- c) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de CELGA 4 (ou curso de perfeccionamento nos termos establecidos na disposición adicional 1º da Orde de 16 de xullo de 2007 modificada por la orden de 10 de febrero de 2014). Non obstante, no caso de non poder acreditar este título, poderase acreditar mediante a realización dunha proba específica (exame consistente en traducir un texto sendionario, elixido libremente polo tribunal, do castelánaogalego. Esta proba terá unha duración de 20 minutos. Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto).

CUARTA. SOLICITUDES

Unha vez sexan **preseleccionados pola Oficina de Emprego de Becerreá** e estean interesados, a solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ao modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e dirixirase ao Sr. Alcalde do Concello de Becerreá, no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende o seguinte a aquel no que sexan citados polo Servizo Galego de Colocación para personarse no concello de Becerreá. Estes traballadores desempregados figurarán na comunicación ao Concello dos candidatos preseleccionados pola Oficina de Emprego de Becerreá.

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinalou copia compulsada:

- a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente.
- b) Carnet de conducir.
- c) Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.
- d) Declaración responsable, asinado/a pola ou pola aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado/a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada polo ou polo aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- e) Copia compulsada do título exixido e CELGA 4.

As solicitudes poderanse, así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

QUINTA.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no

DECRETO
Número: 2019-0500 Data: 02/10/2019



Cod. Validación: YP4HWKYS6W578PZMGG477STTX | Corrección: <http://concellodebecerreá.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 19

prazo máximo de 3 días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello, no taboleiro de anuncios da súa sede electrónica (<http://concellodebecerrea.sedelectronica.gal>) e na páxina web do Concello, sinalándose un prazo de tres (3) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indicárase o nome e apelido, e DNI dos aspirantes, nos termos previstos na lexislación vixente. Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde dictará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

SEXTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: Empregado público con titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Secretario/a: Empregado público con titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Vogais (3): Empregado público con titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Na designación dos membros do tribunal se garantirá, sempre que sexa posible, a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entrambolosdous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorraneles, circunstancias das previstas no 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o

DECRETO
Número: 2019-0500 Data: 02/10/2019



Cod. Validación: YP4HWKYS6W576PZVWG6477STTX | Corrección: <http://concellodebecerrea.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 19



CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa signatura do secretario/a e co visto e praxe do Presidente/a.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, dirimindo o presidente co seu voto de calidade, tódalas dúbidas que se produzan na aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

SÉTIMA. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

Realización dun exercicio que consistirá en contestar por escrito as preguntas baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I, que determine previamente o Tribunal, durante un período de 60 minutos.

Esta proba terá carácter eliminatorio, e puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario acadar unha puntuación de 5 para superala.

OITAVA. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

Os exercicios realizarase no prazo máximo de 20 días hábiles desde a constitución do tribunal que xulgue as probas, anunciándose con tres días naturais de antelación, como mínimo, o comezo dos exercicios, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Becerreá o día, hora e lugar onde se celebrará a proba.

Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios da súa sede electrónica (<http://concellodebecerreá.sedelectronica.gal>), e na páxina web do Concello.

Os aspirantes deberán presentarse para á realización do exercicio provistos de DNI ou documento oficial e fidedigno (pasaporte, carnet de conducir...), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os/as aspirantes serán convocados en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As xustificacións ou probas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

Para establecer a orde en que haberán de actuar os aspirantes naqueles exercicios nos que non poidan facelo conxuntamente, se estará o resultado do sorteo publicado pola Resolución correspondente, que se realizou aoabeiro do establecido no Art. 9 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de personal de administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

NOVENA. RELACIÓN DE APROBADOS.

DECRETO
Número: 2019-0500 Data: 02/10/2019



Cod. Validación: YP4HWKYSGWS76PZVMG477STTX | Corrección: <http://concellodebecerreá.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 19

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios a puntuación total do proceso selectivo. En caso de empate de puntuacións se resolverá por sorteo público.

Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente proposta dos candidatos para a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia antes da formalización do contrato, o órgano convocante poderá requerir ao órgano de selección relación complementaria dos/as aspirantes que sigan aos propostos, para a súa posible contratación.

A devandita relación complementaria poderá tamén servir para constituír unha lista de reserva para cubrir as baixas que se produzan durante o periodo de duración do plan de emprego.

DÉCIMA. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

Os/as candidatos propostos para seren contratados deberán achegar no prazo de tres (3) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancia de participación:

- 1) Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a ou o aspirantes reúne a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- 2) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

UNDÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABAJO.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde resolverá o proceso e se formalizarán os contratos de traballo de duración determinada e a xornada completa.

DUODÉCIMA. IMPUGNACIÓN.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte á publicación das bases. Se transcurriera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte á publicación das bases.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DECRETO
Número: 2019-0500 Data: 02/10/2019





CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

En Becerreá

O alcalde

Don Manuel Martínez Núñez

ANEXO I.-TEMARIO

Tema 1

Concello de Becerreá. Encuadre territorial e poboación.

Tema 2

[Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes.](#) [Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.](#) Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. [Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.](#) Lexislación de desenvolvemento.

ANEXO II.

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DUN (1) POSTO DE TRABALLO DE GRAO EN ENXEÑERÍA AGRÍCOLA/FORESTAL (NIVEL 2 NO MECES) NO CONCELLO DE BECERREÁ, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN A ABEIRO DO **PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2019.**

D/a.....provi
sto/a de D.N.I. nº..... con enderezo na
R/.....nº..... piso.....
.....

C.Postal.....Localidade.....
.....

Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Becerreá para a contratación laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado), a xornada completa, GRAO EN ENXEÑERÍA AGRÍCOLA/FORESTAL (NIVEL 2 NO MECES) AO ABEIRO DO **PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2019.**

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reuno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ao posto ao que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello do Becerreá para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

DECRETO

Número: 2019-0500 Data: 02/10/2019



Cod. Validación: YP4HWKYS6WS76PZVWGG477STTX | Corrección: http://concellodebecerreá.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 19

CUARTO.- Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- o DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- o Permiso de condución en vigor tipo B1.
- o TITULACIÓN EXISIDA NAS BASES
- o CELGA 4

....., de.....de 20...

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BECERREÁ

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE BECERREÁ para o exercicio das función e competencias atribuídas ó CONCELLO DE BECERREÁ na lexislación vixente. Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección Praza do Concello s/n 27640 BECERREÁ-LUGO.

En Becerreá

SEGUNDO.- Enviar copia das bases e da convocatoria á Excmá Deputación Provincial de Lugo 10 días antes do inicio do proceso de selección, así como outra documentación relacionada comesmo. Unha vez pasado dito prazo continuarase co procedemento coa publicación das bases taboleiro de anuncios da súa sede electrónica (<http://concellodebecerreaselectronica.gal>), e na páxina web do Concello.

Ordenao e asínoa electrónicamente o Sr. Alcalde.”

TERCEIRO: A Resolución da Alcaldía de data 30 de setembro de 2019 nº 0498/2019 queda redactada como segue:

“DECRETO.-

Visto o Decreto desta Alcaldía de data no que se resolve iniciar o procedemento que rexerá a selección de persoal laboral temporal para prover a contratación de UN (1) TRACTORISTA no marco do **PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2019** e ordear a realización de cantos trámites sexan necesarios para a tramitación deste expediente.

A vista disto e elaboradas as bases que rexerán o proceso selectivo, esta Alcaldía en uso do artigo 21.1.g) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases que rexerán o procedemento de selección de persoal laboral temporal, e a convocatoria para o acceso á contratación DUN (1) TRACTORISTA no marco do **PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2019** incluído no PLAN UNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS ANO 2019 mediante contrato por obra ou servizo determinado, ata o 30 de setembro de 2020 a xornada completa e que son as seguintes:

BASES QUE REXERÁN O PROCEDUREMTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN TRACTORISTA QUE SE CONTRATE NO CONCELLO DE BECERREÁ AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019/ PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2019”.

PRIMEIRA.-OBJECTO

DECRETO
Número: 2019-0500 Data: 02/10/2019



Cod. Validación: YP4HWKYSGWS76PZVWG6477STTX | Corrección: <http://concellodebecerreaselectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 19



CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

1.1. Obxecto: Constitúe o obxecto das presentes bases e da correspondente convocatoria, a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de oposición de: **UN/HA TRACTORISTA** para seren contratados como persoal laboral temporal ao abeiro do “**PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2019**” incluído no PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019 e que se configura como un plan destinado a favorecer a formación e as prácticas profesionais das persoas desempregadas que se contraten.

O Concello de Becerreá comparte coa Deputación Provincial de Lugo o interese no desenvolvemento de políticas activas de emprego que fomenten a súa creación. En concreto mediante o “**PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2019**” o Concello de Becerreá pretende contratar a un traballador como medida para paliar a actual conxuntura de falla de emprego en concordancia coa Estratexia Europea 2020 que ten como prioridade una economía que empregue máis eficazmente os recursos, que sexa máis verde e máis competitiva.

Neste contexto, no Concello de Becerreá atopamos os dous condicionantes principais para a aplicación destas políticas activas de emprego:

1.- Os recursos que deben ser eficiente e eficazmente empregados, dos que dispón o Concello de Becerreá e que constitúen a nosa principal riqueza, son os vinculados aos recursos naturais, de ahí que se pretenda articular as políticas de fomento do emprego coas de posta en valor do noso territorio, principal e practicamente única fonte de riqueza nun concello sen actividade empresarial salientable e menos aínda industrial.

Se pretende contratar a persoal para a realización de tarefas de carácter medioambiental en concreto e no que fai ás competencias municipais, a xestión e o aproveitamento dos recursos naturais, vincúlase coa conserción e mantemento de camiños municipais, rutas de senderismo e diversos espazos naturais rematándose os contratos o 30 de setembro de 2020, data na que se estiman rematados os traballos e o propio plan de emprego.

Trátase este dun servizo prioritario se queremos converter ao Concello de Becerreá nun ámbito territorial onde sexa posible vivir con niveis óptimos de calidade de vida e onde sexa posible desenvolver actividades vinculadas co aproveitamento e conservación do noso medio natural.

Todo elo sen esquecer que tamén son servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, aos efectos de proceder á contratación de persoal laboral temporal, os vinculados ao fomento do emprego e desenvolvemento local, obxecto último da subvención a conceder pola Deputación Provincial de Lugo no marco do Programa **PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2019** que ten por obxecto a **mellora da empregabilidade mediante a adquisición de experiencia profesional de persoas desempregadas.**

2.- O segundo condicionante para a aplicación desta política activa de emprego ven constituída por a situación de desemprego que afecta a unha importante porcentaxe dos veciños de Becerreá. O derradeiro dato publicado do paro rexistrado en Becerreá (setembro de 2018) arroxa a cifra de 114 parados dos que 80 pertencen ao sector servizos.

O obxectivo é revertir esta situación ofrecendo unha contratación destinada principalmente á obtención de formación e de prácticas profesionais, para as persoas desempregadas que se contraten coa finalidade de que poidan no futuro desenvolver as súas tarefas en empresas de servizos forestais da zona adicadas á realización de tratamentos de silvicultura, extinción de incendios, mantemento de infraestruturas contra incendios, tala de árboles, etc...

Por este motivo cómpre acodir ao Servizo Galego de Colocación pertencente á Consellería de Economía, Emprego e Industria denominación baixo a que a Xunta

DECRETO

Número: 2019-0500 Data: 02/10/2019



Cod. Validación: YP4HWKYS6W576PZVW6G477STTX | Corrección: <http://concellodebecerreá.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 19

realiza as súas funcións de intermediación entre a oferta e a demanda de emprego con eficacia, transparencia e rapidez. Con esta finalidade de facilitar a mellora da empregabilidade da poboación desempregada do Concello de Becerreá se solicitarán traballadores/as desempregados/as inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e dispoñibles para o emprego, mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, seguindo o mesmo procedemento que aplica a Xunta de Galicia nos seus propios programas de fomento do emprego (ORDE do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2019. DOGA de 3 de xaneiro). Tamén na cláusula oitava das bases aprobadas pola Deputación permiten deducir o carácter territorial dos proxectos que se acometan en virtude do Plan Único Provincial de Cooperación cos Concellos.

Os contratos rematarán o día 30 de setembro de 2020 data na que se estiman rematados os traballos e o propio plan de emprego.

Co fin de non interromper o programa de emprego de duración temporal, aqueles candidatos que superen o proceso selectivo pero que non acaden a puntuación máxima para seren propostos para a contratación, pasarán a formar parte dunha lista para posibles baixas ou substitucións.

No suposto de que o candidato seleccionado non desexe suscribir o contrato laboral temporal ou unha vez suscrito, se suspenda ou extinga a relación laboral por calquera causa, o concello notificará ao seguinte candidato seleccionado segundo a orde de puntuación para formalizar un novo contrato.

1.2. Normas de aplicación: As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

1.3. O sistema de selección dos aspirantes será o de **oposición**.

1.4. A presente convocatoria e as bases publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Becerreá, no taboleiro de anuncios da súa sede electrónica (<http://concellodebecerrea.sedelectronica.gal>), e na páxina web do Concello ao igual que o resto das publicacións a que faga referencia a lexislación vixente.

SEGUNDA.-FUNCIÓNS

2.1 TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO

Os contratos laborais que se formalizará coa/as persoa/as seleccionada/as será de duración determinada na modalidade de obra ou servizo determinado previsto no artigo 15.1 a) do Real Decreto Legislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, para a adquisición de práctica profesional mediante a realización de tarefas de conservación e mantemento de camiños municipais, rutas de senderismo e de diversos espazos naturais e a creación de emprego temporal ao abeiro do Plan

DECRETO

Número: 2019-0500 Data: 02/10/2019



Cod. Validación: YP4HWKYS6W576PZVWG477STTX | Corrección: <http://concellodebecerrea.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 19



CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

de Emprego denominado **PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2019 rematándose os contratos o 30 de setembro de 2020**, data na que se estiman rematados os traballos e o propio plan de emprego, a xornada completa.

2.2. FUNCÍONS.

Traballos urxentes e inaprazables no marco do fomento do emprego tales como: acondicionamento, mantemento e limpeza mediante roza de camiños e vías municipais, limpeza e conservación do entorno de espazos públicos, áreas recreativas, rutas turísticas, rutas de senderismo, de diversos espazos naturais así como tarefas de limpeza e mantemento básico do tractor, desbrozadora e demais material a empregar.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) **Figurar inscritos como demandantes de emprego ou en situación de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada, no Servizo Galego de Colocación da oficina de Emprego de Becerreá** e resultar preseleccionados logo da presentación da oferta que efectúe o Concello nos modelos normalizados ao efecto. Unha vez recibida a oferta, a oficina de emprego realizará unha sondaxe de demandantes en

DECRETO

Número: 2019-0500 Data: 02/10/2019



Cod. Validación: YP4HWKYSGWS76PZVWGG477STTX | Corrección: <http://concellobecerreá.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 19

función das características desta e atendendo á maior adecuación apostado de traballo ofertado

f) Titulación: Non se esixe estar en posesión de ningunha titulación do sistema educativo.

g) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B1.

CUARTA. SOLICITUDES

Unha vez sexan **preseleccionados pola Oficina de Emprego de Becerreá** e estean interesados, a solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ao modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e dirixirase ao Sr. Alcalde do Concello de Becerreá, no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende o seguinte a aquel no que sexan citados polo Servizo Galego de Colocación para personarse no concello de Becerreá. Estes traballadores desempregados figurarán na comunicación ao Concello dos candidatos preseleccionados pola Oficina de Emprego de Becerreá.

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinalou copia compulsada:

- a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente.
- b) Carnet de conducir.
- c) Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.
- d) Declaración responsable, asinado/a pola ou pola aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado/a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada polo ou polo aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

As solicitudes poderanse, así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

QUINTA.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 3 días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello, no taboleiro de anuncios da súa sede electrónica (<http://concellodebecerrea.sedelectronica.gal>) e na páxina web do Concello, sinalándose un prazo de tres (3) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indícarase o nome e apelido, e DNI dos aspirantes, nos termos previstos na lexislación vixente. Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo

DECRETO
Número: 2019-0500 Data: 02/10/2019





CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos pessoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

SEXTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: Empregado público con titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Secretario/a: Empregado público con titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Vogais (3): Empregado público con titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Na designación dos membros do tribunal se garantirá, sempre que sexa posible, a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entrambolosdous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorraneles, circunstancias das previstas no 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa signatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a.

DECRETO

Número: 2019-0500 Data: 02/10/2019



Cod. Validación: YP4HWKYSGWS76PZVWG6477STTX | Corrección: <http://concellodebecerreá.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 19

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, dirimindo o presidente co seu voto de calidade, tódalas dúbidas que se produzan na aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

SÉTIMA. PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

Consistirá na realización dunha proba práctica relativa a algún dos labores e funcións a levar a cabo no posto de traballo que se convoca e encamiñada a demostrar a capacidade do aspirante para a realización das funcións propias do posto de traballo valorándose a calidade e rapidez na execución das tarefas. En concreto poderá consistir na realización de traballos silvícolas de xeito mecanizado con tractor desbrozador, traballos de acoplar a desbrozadora á toma de forza do tractor, enganche de apeiros e máquinas ao traballar, realización de labores de mantemento e conservación da maquinaria, circulación de tractores por rutas e camiños e normas de circulación polos mesmos, normas de seguridade e hixiene de aplicación no traballo en vías públicas e EPIS.

Esta proba terá carácter eliminatorio, e puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario acadar unha puntuación de 5 para superala.

OITAVA. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

Os exercicios realizarase no prazo máximo de 20 días hábiles desde a constitución do tribunal que xulgue as probas, anunciándose con tres días naturais de antelación, como mínimo, o comezo dos exercicios, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Becerreá o día, hora e lugar onde se celebrará a proba.

Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios da súa sede electrónica (<http://concellodebecerreaselectronica.gal>), e na páxina web do Concello.

Os aspirantes deberán presentarse para á realización do exercicio provistos de DNI ou documento oficial e fidedigno (pasaporte, carnet de conducir...), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os/as aspirantes serán convocados en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As xustificacións ou probas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

Para establecer a orde en que haberán de actuar os aspirantes naqueles exercicios nos que non poidan facelo conxuntamente, se estará o resultado do sorteo publicado pola Resolución correspondente, que se realizou aoabeiro do establecido no Art. 9 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de personal de administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

NOVENA. RELACIÓN DE APROBADOS.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios a puntuación total do proceso selectivo. En caso de empate de puntuacións se resolverá por sorteo público.

Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente proposta dos candidatos para a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un

DECRETO

Número: 2019-0500 Data: 02/10/2019



Cod. Validación: YP4HWKYSGWS76PZVMG477STTX | Corrección: <http://concellodebecerreaselectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 19



CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia antes da formalización do contrato, o órgano convocante poderá requerir ao órgano de selección relación complementaria dos/as aspirantes que sigan aos propostos, para a súa posible contratación.

A devandita relación complementaria poderá tamén servir para constituír unha lista de reserva para cubrir as baixas que se produzan durante o periodo de duración do plan de emprego.

DÉCIMA. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

Os/as candidatos propostos para seren contratados deberán achegar no prazo de tres (3) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancia de participación:

- 1) Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a o aspirantes reúne a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- 2) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

UNDÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABAJO.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde resolverá o proceso e se formalizarán os contratos de traballo de duración determinada e a xornada completa.

DUODÉCIMA. IMPUGNACIÓN.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte á publicación das bases. Se transcurriera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte á publicación das bases.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas o e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En Becerreá

DECRETO
Número: 2019-0500 Data: 02/10/2019



Cod. Validación: YP4HWKYSGWS76PZVMG477STTX | Corrección: <http://concellodebecerreá.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 19

O alcalde

Don Manuel Martinez Núñez

ANEXO I.-TEMARIO

TEMARIO TRACTORISTA.

Nocións xerais de tratamentos silvícolas. Roza mecanizada cun tractor en vías e camiños. Normas de seguridade e hixiene de aplicación no traballo en vías públicas e EPIS

ANEXO II.

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DUN (1) POSTO DE TRABALLO DE **TRACTORISTA** NO CONCELLO DE BECERREÁ, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN A ABEIRO DO **PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2019.**

D/a.....provi
sto/a de D.N.I. nº..... con enderezo na
R/.....nº..... piso.....
.....

C.Postal.....Localidade.....
.....

Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Becerreá para a contratación laboral temporal (contrato de obra ouservizo determinado), a xornada completa, **TRACTORISTA** A ABEIRO DO **PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2019.**

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reuno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ao posto ao que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello do Becerreá para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- o DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- o Permiso de conducción en vigor tipo B1.

DECRETO

Número: 2019-0500 Data: 02/10/2019



Cod. Validación: YP4HWKYSGWS76PZVWG6477STTX | Corrección: http://concellobecerreia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 19



CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

o Outros

....., de.....de 20...

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BECERREÁ

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE BECERREÁ para o exercicio das función e competencias atribuídas ó CONCELLO DE BECERREÁ na lexislación vixente. Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección Praza do Concello s/n 27640 BECERREÁ-LUGO.

En Becerreá

SEGUNDO.- Enviar copia das bases e da convocatoria á Excmá Deputación Provincial de Lugo 10 días antes do inicio do proceso de selección, así como outra documentación relacionada comesmo. Unha vez pasado dito prazo continuarase co procedemento coa publicación das bases taboleiro de anuncios da súa sede electrónica (<http://concellodebecerreia.sedelectronica.gal>), e na páxina web do Concello.

Ordenao e asínoa electrónicamente o Sr. Alcalde.

”

DECRETO

Número: 2019-0500 Data: 02/10/2019



Cod. Validación: YP4HWKYSGWS76PZWGG47STTX | Corrección: <http://concellodebecerreia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 19